

TEMA 1: INTRODUCCIÓN, CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ANTIGO RÉXIME.

O Antigo réxime é unha formación económica, social e política, comprendida principalmente nos séculos XVII e XVIII, caracterizada por un sistema económico dominado polo feudalismo en que aparece unha incipiente transición ao modo de produción capitalista; un sistema social dominado pola sociedade estamental (cunha burguesía en ascenso como elemento dialéctico dentro dela) e un sistema político de monarquías absolutas en fase de centralización do seu poder.

1. O crecemento demográfico.

Conforme avance o século XVIII, especialmente na segunda metade, Europa superará as fases críticas experimentando un importante crecemento demográfico (ao redor dun 50% en termos xerais: de 95 millóns a 145 millóns aprox.) que ten como claves un lixeiro descenso da mortalidade e unha natalidade que se mantén elevada (**Réxime demográfico antigo**). Pero a poboación segue sendo na súa maioría rural xa que apenas existen cidades que pasen de 100 hab.

Os factores que producen este incremento do crecemento vexetativo son varios, entre os que destacan unha serie de melloras técnicas que permitiría aumentar o rendemento das colleitas, a diminución da virulencia dos ciclos epidémicos, a expansión da poboación e certas melloras na hixiene así como a diversificación da dieta.

2. Fontes do desenvolvemento económico.

O crecemento demográfico non é un fenómeno illado senón que é causa e consecuencia doutros fenómenos coetáneos.

2.1. A agricultura

Domina un sistema feudal de señores propietarios con dereito de señorío e de xurisdición e unha maioría de campesiños servos; entre eles diferénciase unha minoría de pequenos propietarios e un número elevado de arrendatarios, e un número elevadísimo de xornaleiros ou proletarios agrícolas. Ademais destaca a existencia de terras comunais nas aldeas craves para o equilibrio da vida agrícola. A demanda ascendente de produtos agrícolas provocada polo auxe demográfico e do comercio fomentará a inflación dos prezos o que leva aos agricultores a plantearse unha transformación do modelo agrario e apostar por unha nova mentalidade capitalista: abandonan o barbeito pola rotación de cultivos, introducen a estabulación do gando e o abonado das leiras buscando maior produtividade. Este fenómeno ten especial relevancia no contexto británico onde os grandes propietarios e burgueses apostan por unha transformación radical da explotación agraria; os grandes propietarios aproveítanse da lei de pechados (**enclosures acts**) e rexistro de propiedade que non

poden cumprir os pequenos propietarios e facerse co control da maioría das terras e introducir melloras técnicas con visión de producir para o mercado, aproveitando o alza dos prezos. Isto provoca un enorme éxodo rural.

2.2 A industria

A produción artesanal estaba en función do mundo campesiño que está evolucionando. Pero o vello sistema artesanal ou gremial non logra abastecer a crecente demanda do mercado e vanse a introducir dous novos sistemas que van acelerar a produción industrial: 1º o **domestic system** no que o comerciante aproveita a necesidade dos campesiños de obter ingresos monetarios para burlar o sistema gremial e lograr obter maior produción aínda que fose de menor calidade; 2º o **factory system** no que o comerciante opta por crear grandes instalacións e agrupar nelas a un número de obreiros para secuenciar as fases de produción e aumentar a cantidade producida.

Progresivamente a acumulación de capitais na agricultura e no comercio levan á aparición dunha nova fórmula de investimento e produción: o sistema fabril, aproveitando o enorme éxodo rural para concentrar máquinas e proletarios nun mesmo espazo buscando unha produción espectacular aínda que de baixa calidade. Este sistema fabril vai a implantarse na segunda metade do século XVIII en Gran Bretaña e non se estenderá a continente ata principios do XIX.

2.2. As relacións comerciais.

A comezos do século XVIII organízase o comercio mundial aproveitando unha fase de alza dos prezos nos mercados internacionais. Gran Bretaña logra liderar este proceso pola súa boa rede de portos, o seu auxe demográfico, a súa transformación agrícola e a súa aposta pola revolución industrial. Vanse a reforzar as rutas comerciais norte-sur de Europa, de Europa a India e China e sobre todo a ruta americana, producíndose un auxe espectacular do **comercio triangular** no que o tráfico de escravos é o elemento dominante.

Todas estas transformacións están relacionadas coa evolución das mentalidades económicas ou do pensamento económico. A inicios do século XVIII domina a **mentalidade mercantilista** que prioriza o intervencionismo do Estado na protección dos mercados internos, favorecendo as exportacións e xa que logo o comercio exterior e dificultando as importacións. Ao longo do século vai crescendo a **mentalidade fisiocrática** que defende unha maior liberdade de mercado e unha atención prioritaria da explotación agrícola e cara a finais do século o liberalismo económico despraza a mentalidade mercantilista e fisiocrática para asentar o principio de non intervención do estado na economía en defensa da liberdade absoluta para producir, contratar e comerciar, defendendo que a única regularización do mercado debe marcala a lei da oferta e a demanda.

3. A sociedade

A evolución da sociedade do século XVIII está moi vinculada ao crecemento económico, así como ás decisións políticas e aos cambios de mentalidade que han de terse moi en conta á hora de abordar o seu estudo.

En todos os países do século XVIII, tanto fose en Europa Occidental como Oriental mantíñase o vello esquema social estamental na que hai uns grupos privilexiados e outros non privilexiados.

3.1. Os grupos sociais privilexiados

Entre os grupos privilexiados están a nobreza e o clero; os membros da **nobreza** son esencialmente terratenentes e maiormente rendistas que van ver aumentar os seus ingresos ao producirse unha inflación dos arrendamentos pero perden protagonismo político, especialmente naqueles espazos nos que os monarcas impoñan o despotismo ilustrado. Os seus ingresos por dietas de señorío están complementados por **dereitos de xurisdición**.

O **clero** obtén os seus ingresos das terras, do decimo e dos dereitos de xurisdición. Perde protagonismo social nos espazos nos que se impoñen as ideas ilustradas.

Estes dous grupos son privilexiados porque tende a estar exentos de contribuír pola súa riqueza, participan en política e gozan de foros especiais.

3.2. Os grupos sociais non privilexiados

No espazo agrario os pequenos propietarios van ver diminuír os seus ingresos e ata tenden a desaparecer. Os **arrendatarios** senten asfíxiaa da espiral inflacionista das rendas. Os **xornaleiros**, tenden a empeorar a súa situación polo crecemento demográfico e pola mecanización no campo. Como resultado, estes grupos do mundo agrario tenden a protagonizar un gran **éxodo rural** cara ás zonas urbanas ou cara a América.

No espazo urbano, os propietarios ou ex campesiños van sobrevivir en condicións de miseria. Os **traballadores artesanais**, mestres e oficiais van sentir progresivamente a presión da produción industrial, os **burgueses** sofren un auxe espectacular relacionado co crecemento do comercio, da produción en manufactura e da produción industrial. No grupo dos burgueses debemos diferenciar entre; unha **alta burguesía** de financeiros, empresarios, grandes comerciantes, etc; que alcanzaron un alto poder económico e alentan a mentalidade liberal co obxectivo de alcanzar protagonismo político, a **burguesía intelectual ou de profesións liberais** están ao servizo do poder e grandes burgueses e son os ideólogos da nova mentalidade ilustrada liberal ou motores dos

cambios; a **pequena burguesía** crece económicamente e ten como obsesión diferenciarse dos traballadores urbanos e tratar de emular aos grandes burgueses.

Cara a finais do século XVIII existe un progresivo rexeitamento da existencia de grupos privilexiados e unha defensa dunha nova estrutura social que contemple a clasificación das persoas pola súa riqueza e non pola pertenza a un determinado estamento. Rexeitan a sociedade estamental como pechada e defenden unha sociedade de clases ou aberta na que exista unha igualdade de todos ante a lei.